

**PROCEDEMENTO DA XUNTA DE GALICIA: MR701E**  
**Nº de Expediente da AGADER: PM24-0133**

**EXPTE. CONCELLO SUBVENCIÓN: 1539/2024**

**EXPTE. CONCELLO CONTRATACIÓN: 26/2024 (4792/2024)**

**OBRA: “MELLORA DO VIAL MUNICIPAL ENTRE GONDARIÑO E CARBALLO (VILALONGA)”**

**INFORME CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E ATRIBUCIÓN DE PUNTUACIONES.**

Estase a tramitar un procedemento para a contratación das obras da mellora do camino municipal entre Gondariño e Carballo na parroquia e Vilalonga .

En cumprimento do disposto no artigo 116.4.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), emítase o seguinte informe xustificativo dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Os criterios de adxudicación que se recollerán no prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) todos eles serán avaliábeis de forma automática e mediante fórmulas, debido a que o procedemento de adxudicación deste contrato ao que se opta é o aberto simplificado regulado polo artigo 159.6 da LCSP, á vista do disposto na resolución da alcaldía de data 25 de setembro de 2024, na que se ordea a incoación do expediente de contratación.

Os criterios escóllense na procura de calidade na execución do contrato, buscando adecuar o obxecto do mesmo ás necesidades definidas pola Administración e garantindo, en todo caso, a máxima concurrencia e liberdade de acceso.

Dos argumentos anteriormente expostos, propónse como criterios de adxudicación os seguintes, ase como as seguintes puntuacións para cada un deles:

1. Oferta económica, que se expresará nunha cantidade que non poderá superar o presuposto base de licitación, co IVE. A puntuación máxima que se outorgará será de 60 puntos.



Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$P = 60 \times (Y/X)$  sendo:

P= Puntuación obtida

Y= Oferta máis baixa

X= Oferta a valorar

2. Certificados expedidos polos institutos oficiais que a continuación se sinalan, coa puntuación de 10 puntos por cada certificado presentado, Valorándose ata un máximo de 30 PUNTOS:

- certificado ISO 9001 - Xestión da calidade. 10 PUNTOS
- certificado ISO 14001 - Xestión ambiental 10 PUNTOS
- certificado ISO 45001 - Seguridade e saúde no traballo 10 PUNTOS

3. Plan de Mantemento con medidas específicas a desenvolver polo contratista para a conservación da obra executada durante o prazo de garantía legalmente establecida (1 ano dende a data de recepción das obras). Os licitadores deberán describir de maneira detallada todas as actuacións que vaian a levar a cabo para asegurar o perfecto estado da obra executada, segundo o plan de mantemento, tanto preventivo, como correctivo, para a conservación da obra executada durante o prazo de garantía. Os licitadores que aporten o seu Plan de mantemento, tanto preventivo, como correctivo e se comprometan a levalo a cabo durante o ano de garantía, outorgaráselle unha puntuación de 10 puntos. O contratista deberá presentar no rexistro do concello durante o prazo da garantía os documentos acreditativos da implementación e execución das actuacións descritas no Plan.

Para a elección dos criterios de adxudicación e a asignación de puntuación a cada un que se propón, tivéronse en conta varias premisas.

1. Tense en conta o limiar da temeridade das ofertas, que o situamos en 25 puntos porcentuais do orzamento de licitación, circunstancia que debe estar recollida no PCAP. De este modo, a oferta económica do licitador incorrerá inicialmente en desproporcionalidade se se lle aplica ao orzamento base de licitación unha baixa superior a 15.895,45 euros aproximadamente. Para cada baixa de 794,77 euros outargarase unha puntuación de 1 punto, acadando unha puntuación máxima de 60 puntos a oferta económica que resulte de restarlle 15.895,45 euros ao presuposto base de licitación (63.581,81€). (Cálculos que son estimativos dado que o limiar da temeridade estase a calcular unicamente cunha oferta presentada e poderá variar dependendo do número de ofertas que se presenten e dos criterios para establecer a temeridade no caso de varias ofertas admitidas).
2. Dado que na RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 para a concesión da axuda correspondente ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 cofinanciado co Fondo Europeo



Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024) (código de procedemento MR701E), que regula a subvención concedida, é de obrigado cumprimento que os concellos beneficiarios leven a cabo un control de calidade das obras, resulta axeitado que certificados de institutos oficias, tales como o certificado ISO 9001 sexan obxecto de puntuación e incidan na elección do contratista, así como os certificados ISO 14001 e ISO 45001.

3. O plan de mantemento da obra durante un ano de garantía é susceptible de atribución de puntuación por dous motivos. En primeiro lugar porque resulta necesario para a conservación das obras durante o ano de garantía legal. Non obstante, e en segundo lugar, servirá para os servizos municipais como guía para o mantemento da obra durante os catro anos seguintes, como mínimo, dado que no artigo 18 da resolución do 19 de decembro de 2023, se recolle que os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a manter a obriga do destino das actuacións subvencionadas durante un período mínimo de cinco anos a partir da resolución de pagamento final.

En Sanxenxo, na data consignada na sinatura electrónica  
O enxeñeiro técnico municipal,  
José María Troncoso Viñas

